

REGULAMENTO



maratón do miño





REGULAMENTO

Artigo 1.- (SOBRE A ORGANIZACIÓN). A "Fundación CEO para el Desarrollo Empresarial" -A Fundación CEO co Deporte-, organiza o V Maratón do Miño que discorrerá polo casco histórico da cidade e as beiras do río Miño e terá lugar o **domingo, 2 de outubro de 2011.**

Artigo 2.- (SOBRE AS MODALIDADES).

1.- As modalidades son as seguintes:

- a) maratón individual
- b) maratón por relevos (**3 persoas - 2 relevos**)
- c) andaina
- d) andaina por relevos (**2 persoas - 1 relevo**)

Artigo 2.1.- (SOBRE A MODALIDADE DE RELEVOS).

Os dorsais diferenciaranse segundo se trate de **maratón** ou **andaina**.

Maratón por relevos: Os participantes na modalidade de maratón por relevos deberán ser 3 persoas, efectuándose os relevos (**2 relevos**) no lugar sinalizado pola organización. Os participantes levarán o mesmo número de dorsal pero con distinta letra (**a, b, c**) e un único chip que será traspasado ao seguinte relevo no punto indicado para o control de tempos do equipo, punto que estará debidamente sinalizado.

Andaina por relevos: Os participantes na modalidade de andaina por relevos deberán ser 2 persoas, efectuándose o relevo (**1 relevo**) no lugar sinalizado pola organización. Os participantes levarán o mesmo número de dorsal pero con distinta letra (**a, b**) e un único chip que será traspasado ao seguinte relevo no punto indicado para o control de tempos do equipo, punto que estará debidamente sinalizado.

Artigo 3.- (SOBRE O PERCORRIDO). O percorrido do maratón consta dunha distancia de 42 km 195 m que poderá realizarse nas modalidades indicadas anteriormente; por tanto facendo o percorrido total ou ben por relevos divididos en tres etapas na modalidade de maratón (cada unha de 14 km 65 m).

O percorrido das persoas que participen na modalidade de andaina consta dunha distancia de 28 km 124 m.

A saída efectuarase na praza Maior de Ourense; a meta estará situada na Ponte Romana; e tras atravesar a cidade, efectuaranse dúas voltas e media, aproximadamente, ás ribeiras do Miño, segundo o itinerario descrito na páxina web e o gráfico establecido.

O percorrido estará controlado e vixiado pola Policía Local coa colaboración da organización e de Protección Civil e outros corpos de seguridade. Estará prohibida a circulación de vehículos e bicicletas.

En todo o percorrido estarán debidamente sinalizados os puntos quilométricos e os relevos, así como os diferentes servizos tales como os postos de avituallamento, punto médico, servizo de fisioterapeutas, duchas, etc. Ao longo do percorrido haberá asistencia sanitaria suficientemente identificada. O servizo médico oficial terá potestade para retirar da carreira a calquera participante que, ao seu xuízo, non se atope nas condicións físicas ou psíquicas axeitadas para continuar. O servizo

de fisioterapeutas porase a disposición por parte da organización, en colaboración coas Escolas Universitarias de Galicia.

Artigo 4.- (SOBRE A DATA, HORARIOS E TEMPO). O V Maratón do Miño celebrarase o **domingo, 2 de outubro de 2011**; a hora de **saída** será ás **9.00 h** e **pecharase o control** 6 horas despois: ás **15.00 h**. Todos os participantes deberán estar no punto de saída ás **8:45 da mañá**, para efectuala na hora prevista.

Artigo 5.- (SOBRE OS AVITUALLAMENTOS). A partir do quilómetro cinco e cada cinco km, existirá un posto de avituallamento con líquidos e sólidos. Na meta tamén haberá un avituallamento.

Artigo 6.- (SOBRE A CRONOMETRAXE E CONTROL DA CARREIRA). A toma de tempos realizarase mediante chip, cuxo uso é obrigatorio. Ademais do control en saída e meta, haberá varios controis intermedios, e todos os participantes deberán pasar obrigatoriamente por eles. O control realizarase polo persoal designado pola organización. Nomearase un **Comité Deportivo** para resolver calquera dúbida ou suceso relacionado co regulamento da proba.

Os participantes que se retiren deberán avisar ao control máis próximo e devolver o chip para non ser sancionados.

Artigo 7.- (SOBRE AS CLASIFICACIÓNS E CATEGORÍAS).

MARATÓN : Para a modalidade de **maratón** establécese a seguinte clasificación:

- Individual Masculino: Junior, Senior, Veteranos A, Veteranos B
- Individual Feminino: Junior, Senior, Veteranas A, Veteranas B

CATEGORÍAS	MASCULINO	FEMININO
JUNIOR	Hasta 20 anos	Hasta 20 anos
SENIOR	21-39 anos	21-34 anos
VETERANO/AS A	40-49 anos	35-44 anos
VETERANO/AS B	50 en adelante	45 en adelante

- Individual Absoluta Masculino
- Individual Absoluta Feminino

Na **modalidade con relevos** non haberá clasificación por categorías. Será a seguinte:

- **Relevos Absoluto:** Equipo integrado por tres participantes, mellor clasificado en relevos
- **Relevos Feminino:** Coa finalidade de incentivar a participación feminina, na modalidade de carreira terase en conta o equipo integrado por tres participantes femininas mellor clasificado en relevos se houbese.

ANDAINA: Para a modalidade de **andaina** establécese a seguinte clasificación (sen categorías de idade)

- Individual Masculino
- Individual Feminino
- Relevos absoluto

Los menores de 18 años no podrán participar, en ninguna modalidade. Excepcionalmente **desde los 14 años** podrán participar aqueles menores de idade que aporten la autorización

de cualquiera de su progenitores debidamente cubierta (la organización facilitará un modelo que deberá ir acompañada del DNI del padre/madre y del menor).

Á finalización da proba, e dentro do prazo de **48 horas**, a organización publicará as clasificacións dos participantes na páxina web <http://www.maraton.ceo.es>

Artigo 8.- (SOBRE OS PREMIOS E DISTINCIÓNS).

1.- Terán **TROFEO** na modalidade de **MARATÓN – categoría absoluta**:

- os tres primeiros clasificados en **Individual masculino**
- as tres primeiras clasificadas en **Individual feminino**
- **ao primeiro, segundo e terceiro equipo**, mellor clasificado en **relevos**,
- **equipo integrado por tres participantes femininas** (coa finalidade de incentivar a participación feminina)

2.- PREMIO ESPECIAL MANUEL RODRÍGUEZ DE LA FUENTE. Os premios dotados economicamente serán en memoria e homenaxe ao directivo recentemente falecido, *Manuel Rodríguez de la Fuente*, cofundador do Maratón, corredor participante e colaborador en todas as súas edicións.

▪ **MARATÓN**

Individual Absoluta

- - primeiro clasificado: **500 euros**
- - segundo clasificado: **300 euros**
- - terceiro clasificado: **100 euros**

Individual Absoluta Feminino

- - primeira clasificada: **500 euros**
- - segunda clasificada: **300 euros**
- - terceira clasificada: **100 euros**

Relevos Absoluto

- primeiro equipo integrado por tres participantes, mellor clasificado en relevos: **500 euros**
- segundo equipo integrado por tres participantes, mellor clasificado en relevos: **premio**
- terceiro equipo integrado por tres participantes, mellor clasificado en relevos: **premio**

-- **Relevos Feminino**: Coa finalidade de incentivar a participación feminina, na modalidade de maratón terase en conta o equipo integrado por tres participantes femininas mellor clasificado en relevos se houberse, que tamén **recibirán 500 euros**.

▪ **ANDAINA**

Terán **premio** os catro primeiros homes e mulleres que acaden a meta:

- o primeiro participante en **Individual masculino**
- a primeira participante en **Individual feminino**
- **equipo integrado polos dous participantes**, mellor clasificado en **andaina-relevos**

3.- PREMIO ESPECIAL Á ORIXINALIDADE: haberá un xurado que outorgará un premio ao mellor disfraz ou ao equipo que destaque pola orixinalidade na súa vestimenta/disfraz de participantes.

4.- DISTINGUIRASE NA CLASIFICACIÓN DE RESULTADOS FINAL PUBLICADA NA PÁXINA WEB, na modalidade de maratón individual:

- ao primeiro clasificado en **Individual masculino: Junior, Senior, Veterano A, Veterano B**

- á primeira clasificada en **Individual feminino: Junior, Senior, Veterana A, Veterana B**

Así mesmo poderase establecer un sistema de **sorteo de agasallos**, no que entrarán todos os participantes, sendo o primeiro clasificado en cada unha das categorías os xuíces do sorteo.

Todos os participantes, polo só feito da súa participación en calquera das modalidades, terán dereito á **bolsa que se entregue (se fose o caso) pola organización con diverso material**, que poderán recoller **despois da entrega do chip na meta.**

Así mesmo, a todos os que finalicen a proba en calquera das modalidades establecidas entregaráselles un **diploma acreditativo** de tela superado satisfactoriamente, que poderán obter entrando na páxina web oficial do maratón no prazo de 48 horas dende a finalización da proba.

No suposto de ter indicado o número de móbil no momento da inscrición recibirán por **sms o tempo no que realizaron a proba.**

Artigo 9.- (SOBRE AS DESCUALIFICACIÓNS). Serán descualificados todos os participantes que:

- desatendan as instrucións do Comité Deportivo ou do persoal autorizado da organización
- non leven o dorsal de xeito visible durante a proba
- entren na meta sen o dorsal e/ou o chip
- non coloquen o chip na zapatilla ou atado ao nocello durante toda a proba, e o entreguen á organización á súa finalización
- corran cun dorsal que corresponda a outro participante
- atravesen a liña de meta en máis dunha ocasión
- non pasen todos os puntos de control establecidos
- non realicen o percorrido completo no tempo máximo establecido
- non respecten o medio ambiente polo que transcorre a proba
- utilicen substancias prohibidas
- realicen correndo a proba de andaina
- non utilicen os cubos de lixo postos a disposición no circuío
- os menores de idade só poderán participar en andaina e obrigatoriamente acompañados por un adulto quen asumirá a responsabilidade do mesmo
- en xeral, incumpran as normas do presente regulamento

Os corredores descualificados perderán automaticamente toda opción aos premios e regalos.

Artigo 10.- (SOBRE O SEGURO). Todos os participantes que consten oficialmente inscritos estarán cubertos por unha póliza de seguro concertada pola organización; póliza que cubrirá os accidentes que se produzan como consecuencia directa desta proba, e nunca como derivación dunha enfermidade, padecemento, doenza, lesión, imprudencia, negligencia, incumprimento ou inobservancia da normativa vixente de aplicación, incluído este regulamento. Non estarán cubertos os desprazamentos *in itinere* dende o lugar de orixe do participante, e viceversa. **Os participantes, polo feito de inscribirse recoñecen expresamente estar nas condicións psicofísicas axeitadas para realizar a proba.**

Se en calquera momento da proba algún participante se **amosa canso ou lesionado** debe comunicarllo a outro participante ou **achegarse ao control** máis próximo.

A organización declina toda responsabilidade dos danos que calquera participante poida causar a outros, a si mesmo, ou por dirimir dela.

Para participar no Maratón do Miño será requisito necesario ser maior de idade. Excepcionalmente poderase admitir pola organización a inscrición e participación dunha persoa menor de idade.

Os menores de idade só poderán participar en andaina e en todo momento obrigatoriamente acompañados por un adulto (pai, nai, tutor ou responsable do mesmo para esa actividade) quen asumirá a responsabilidade do menor. A organización exímese de dita responsabilidade e entende a boa fe de quen inscriba ao menor na proba ante o feito de que ao facelo comprométese expresamente a cumprir o establecido neste Regulamento e a facilitar á organización a súa autorización expresa para a participación do menor.

Artigo 11.- (SOBRE A INSCRICIÓN). A inscrición poderá realizarse:

- *persoalmente* achegando á dirección da organización, sita en praza das Damas, 1, de Ourense, de luns a venres en horario de 9 a 14 horas e de 16 a 20 horas ata o **mércres 28 de setembro** (os venres só en horario de mañá) o formulario de inscrición cuberto xunto co resgardo de ingreso da cota de inscrición na **conta indicada na sección de inscrición da web oficial do Maratón www.maraton.ceo.es ou no folleto do evento.**

- *por teléfono*, chamando ao 988 391 110

- *on-line* na páxina web <http://www.maraton.ceo.es> (**ata as 24:00 horas do mércores 28 de setembro**) e enviando por correo electrónico ao enderezo maraton@ceo.es, ou por calquera outro medio (previo ingreso da cota de inscrición na conta indicada) o xustificante de ingreso.

- *nas entidades colaboradoras*: poderá haber entidades colaboradoras na inscrición e que estarán debidamente sinalizadas na cidade para facilitar a mesma.

Na transferencia de pago deberá constar o concepto e o nome e apelidos do inscrito ou inscritos. É necesario conservar o resgardo, xa que **para recoller o dorsal e o chip será necesario presentalo.**

O custo da inscrición será de 15 euros ata o luns, 19 de setembro (inclusive) e a partir desa data, é dicir dende o martes, 20 de setembro (inclusive), será de 20 euros.

A **data límite** para inscribirse será ata as **24:00 horas do mércores 28 de setembro de 2011**. Unha vez pechado o prazo oficial a organización poderá

ampliado ou admitir novas inscricións reservándose en calquera caso o dereito de admisión.

Mentres a organización non dispoña do xustificante do ingreso non constará oficialmente a inscrición, só se fará efectiva unha vez que se entregue o xustificante de pago.

Unha vez formalizada a inscrición non se devolverá o importe, salvo supostos excepcionais debidamente xustificadas que o Comité Deportivo valorará.

Artigo 12.- (SOBRE A ENTREGA DE DORSAIS e CHIPS). A entrega de dorsais e chips terá lugar dende o venres **30 de setembro** (de 9 a 14 horas e de 16 a 20 horas) ata o sábado **1 de outubro** (de 10 a 13 horas).

Excepcionalmente, e **só nos casos solicitados con anterioridade e con motivo xustificando, entregaranse os dorsais e chips o propio día da proba**, na Confederación Empresarial de Ourense, isto é, o **domingo 2 de outubro** na praza das Damas, 1, de Ourense, **entre as 8:00 e as 8:30 da mañá**.

Para recoller o dorsal e o chip será necesario o xustificante do ingreso.

Os dorsais diferenciaranse, segundo se trate de maratón ou andaina para o control de participantes e as modalidades nas que se inscribiron.

No relativo aos chips, cada participante deberá portar o chip na súa zapatilla ou atalo ao nocello, sendo obrigada a súa **devolución á organización unha vez rematada a proba**. A organización resérvase o dereito de reclamación do chip e/ou do seu importe (**30 €**) a aqueles participantes que non o devolvesen; así mesmo, sen a dita devolución non terán dereito a recibir a medalla e o diploma de participación, así como outros efectos que se entreguen con motivo do evento aos participantes (bolsa de regalo, participación no sorteo, etc.).

O participante que non entregue o chip queda así mesmo vetado para a participación en vindeiras edicións do Maratón.

Artigo 13.- (SOBRE INFORMACIÓN DE DATOS). De conformidade co establecido na Lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal LOPD, os datos persoais facilitados polos participantes serán incorporados a un ficheiro automatizado e rexistrado na Axencia de Protección de Datos denominado "Participantes Maratón", cuxo responsable é a Fundación CEO.

Todos os participantes polo feito de inscribirse neste maratón e constar os seus datos na páxina web dan o seu consentimento para que a organización, nesta ou en sucesivas edicións, trate informaticamente e con finalidade exclusivamente deportiva, informativa, promocional ou comercial, os seus datos de carácter persoal, así como a súa imaxe dentro da proba mediante instrumentos de filmación, gravación e outros semellantes (fotografías, vídeos, e demais reproducións). Aceptan a incorporación dos seus datos persoais ao ficheiro automatizado existente nesta organización. Os datos serán tratados para comunicarnos cos participantes facéndolle chegar información do maratón, así como para a prestación e administración do servizo de inscrición, a realización de estatísticas, envío de clasificacións ou calquera información por distintos medios (sms, correo electrónico,...).

A información contida no ficheiro poderá ser publicada na páxina web do maratón, autorizándonos ademais para a publicación de fotografías de vostede no evento, en prensa, web ou distintos elementos de difusión, para levar a cabo campañas de publicidade, marketing, ou servizos complementarios relacionados coa finalidade do evento.

Coa inscrición nas modalidades deste maratón, as persoas inscritas autorizan a publicación por calquera medio do nome, apelidos, localidade e provincia á que pertencen, tempo realizado na proba e modalidade na que se inscribiron.

Neste senso autoriza á Fundación CEO para el Desarrollo Empresarial para usar calquera fotografía, filmación, gravación ou calquera outra forma de arquivo da súa participación, ou a do seu representado, neste Maratón e as súas actividades paralelas, sen dereito a contrapartida económica.

En calquera caso, o titular dos datos terá en todo momento dereito a acceder ao ficheiro automatizado, e pode exercer o seu dereito de rectificación ou cancelación nos termos recollidos na lexislación de protección de datos, dirixíndose á Fundación CEO (por correo ordinario á dirección *Praza das Damas, nº 1 - 32005 de Ourense*, ou a través do e-mail: *maraton@ceo.es*).

Artigo 14.- Calquera reclamación deberá ser enviada por escrito ao Comité Deportivo da proba.

Artigo 15.- A organización resérvase o dereito de modificar este regulamento se fose necesario para o mellor desenvolvemento da proba. As modificacións serán publicadas na páxina web.

Artigo 16.- Cada participante, polo feito de inscribirse recoñece expresamente:

1º.- Que coñece e acepta integramente o Regulamento do **V Maratón do Miño**, organizado pola **Fundación CEO para el Desarrollo Empresarial**.

2º.- Que se atopa ou o seu representado se atopa nas condicións físicas axeitadas e suficientemente adestrado para participar voluntariamente no V Maratón do Miño e nas súas actividades paralelas.

3º.- Que non padece ou o seu representado non padece, defecto físico ou lesión que poida agravarse e prexudicar gravemente a saúde ao participar nesta proba de Maratón e as súas actividades paralelas.

4º.- Que se padecera, ou o seu representado padecera, algún tipo de lesión, defecto físico ou calquera outra circunstancia que puidera agravarse ou prexudicar gravemente a saúde, ao participar neste Maratón e nas súas actividades paralelas, porao en coñecemento da organización, aceptando as decisións que ao respecto se adopten polos responsables do evento.

5º.- Que asume os perigos e riscos derivados da súa participación, ou do seu representado, nesta actividade deportiva, tales como: caídas; colisión con vehículos, participantes, espectadores; condicións climáticas extremas e de humidade; estado das vías, estradas e tráfico, etc.

6º.- Que acepta a decisión que calquera responsable do Maratón do Miño (xuíces, médicos, ATS, técnicos da organización, etc.) adopte sobre a súa habilidade, ou a do seu representado, para completar a proba con seguridade e sen risco para a saúde.

En xeral que polo feito de inscribirse, admite e acepta o presente regulamento.

O seu descoñecemento non exime de cumprilo obrigatoriamente.